

# O penalti de Fuco

Afonso Eiré



BAÍA EDICIÓNS

*“Para os medios, o mundo tiñase detido.  
Para min era o momento do triunfo”*

*(A Pantera Rosa)*

# A vida enteira cabe nun partido de fútbol

O fútbol ten na sorpresa o seu director de mercadotecnia. Un asubío pode mudar de canto ou de pé vidas enteiras.

Sabino Fernández, o árbitro, sabía da transcendencia do que viña de chifrar: un penalti contra o Real Madrid no Santiago Bernabéu. Un penalti a prol do FC Barcelona. Un penalti na final da Copa do Rei. Un penalti a cinco minutos de rematar o partido. Un penalti cando o Real Madrid gañaba unicamente por un a cero. Un penalti, discutido, na anta mesma da área...

Un penalti para a historia.

Seguro que este era o titular, ou algo semellante, que escollerían a maioría dos medios de comunicación. Os de Madrid, madridistas. Os de Barcelona, barcelonistas. Os de “provincias”, miméticos e apoucados.

Sabino Fernández era homosexual e concelleiro do PP en Ourense. Sabino Fernández tiña claras moi poucas cousas na súa vida. Unha delas, se cadra a única, era que debía de destacar en algo, senón a súa existencia ficaría nun puro esmendrello.

Para Sabino Fernández, descolar, desde pequeno, era desencantoar, aínda que, as máis das veces, desgraciadamente, escazurrase.

Sabino Fernández sabía que aquela súa decisión, fose cal fose o resultado final do encontro, o situaría no punto de mira de centos de miles de persoas. De centos de medios de comunicación que reproducirían a súa imaxe indicando o “punto fatídico” e analizarían de cu de riba para baixo a súa refúsía.

Sabino Fernández era quen de atinguir que habería un antes e un despois na súa vida logo daquel minuto oitenta e cinco do “partido do século” no que el, precisamente, se convertería no fito de todas as disputas.

Se cadra por iso asubiou, levantou a man como se fose un César e acenou os once metros, decretando a morte do vencido. Naquel intre, enxergou para o seu compañeiro xuíz de liña.

Arturo López, militante socialista na Coruña, tamén homosexual, como Sabino, compuxo a súa figura para a historia. Levantou a bandeirola vermella co seu brazo dereito. Quedou cravado coma un gaitero repenicando no himno e díxolle ao seu compañeiro polo pingallo: “é penalti, Sabino, fíxeches moi ben”.

Sabino Fernández saíu correndo cara ao centro da área para que aquela súa decisión e o seu acto de valentía pasasen tamén ao xeito, solemnemente, á posterioridade.

Eduardo Galeano escribiu que “o árbitro é árbitro por definición”.

Sabino tiña cada vez máis claro, moito máis claro, a polémica que se ía armar, que aquela súa decisión, tomada en

décimas de segundo, fose cal fose o resultado final do partido, o situaría como o protagonista do encontro: vendido para uns, valente para outros. Substituiría a Xosé Emilio Guruceta Muro nas chanzas, nos alcumes, nos insultos e na barata de madridistas ou barcelonistas. A aquel árbitro que en 1969, nun partido dos cuartos de final da Copa do Generalísimo entre o Barcelona e o Real Madrid, foi quen de pitar un penalti a prol dos brancos por derribo de Rifé a Velázquez polo menos a tres metros do frontal da área. De aquí en diante toda un xeración xa non falaría de Guruceta, senón de Sabino.

Sabino sería analizado, esculcado, escudriñado. Procurarían todas as súas vidas, as reais e as inventadas. As que vivía e as que os coñecidos se imaxinaban. As que os descoñecidos fabularían acotío ante os micrófonos e as cámaras. Sabino, naquel preciso instante do asubío, fíxose famoso.

Máis famoso aínda que “Rafa”, Rafael García Guerrero, xuíz de liña que, nun encontro entre o Zaragoza e o Barcelona o 29 de setembro de 1996, tivo o seguinte diálogo co árbitro Mejuto González:

—Que pasou? —pregunta un xalgarete Mejuto.

—Agresión dentro da área. Foi o seis. Penalti e expulsión.

—Rafa, non me fodas! Me cago na miña nai! Penalti e expulsión de quen?

—Do seis. Penalti e expulsión —respondeulle un Rafa todo seguro aos seus 33 anos de fame de mundo. As imaxes nunca puideron demostrar que Solana, defensa do Zaragoza, lle fixera sequera falta ao barcelonista Fernando Couto, cando, embarullados, os xogadores saían da área logo de rematar a xogada.

Aquí comezou a lenda de Rafa García Guerrero, iluminado para sempre pola deusa da popularidade, até rematar de paliqueiro-intelectual radiofónico.

Sabino tamén se convertería desde aquel momento no centro de atención dos profesionais do xornalismo deportivo. Dos intelectuais que faltos de ideas procuran un tema ganchito e que fian todo o seu discursar a unha frase bonita. Dos seareiros que, unicamente, son capaces de ver unha decisión a través da tea da camisola do seu equipo. E dos políticos sempre dispostos a facer unha declaración consonte aos posicionamentos dos seus electores, veña ou non veña a conto.

“Sabino, Sabino. Que es un Sabino...!”.

Todo isto e moito máis, víao moi claro Sabino sen necesidade de pórse a matinar.

“Sabino, Sabino...!”.

A situación presentábase ante si de xeito tan automático como o acto reflexo de pitar o penalti. A instantaneidade dos reflexos só se logra adestrando. Sabino xa tiña totalmente interiorizada esta situación desde que comezou a arbitrar. É máis, coma un porteiro que soña cun penalti en contra no último minuto, cando os equipos van empatados, Sabino tamén soñaba con que asubiaba un penalti transcendente nunha final.

O que non sabía nin o pensou, entre outras cousas porque non lle deu tempo de nada, era como aquel penalti podía mudar a vida dalgún futbolista. Non entraba na súa lóxica de xuíz.

“Sabino, vendido. Sabino, maricón. Sabino, fillo...!”.  
Os asubíos non deixaban ouvir esa palabra.

# A gran mentira do medo do porteiro ante o penalti

Dise que o penalti é o maior cataclismo que pode suceder nun partido de fútbol.

A Francisco Rodríguez Crespo, Paco, sempre lle gustou levar a contraria e pensaba que segundo... Se cadra, por iso, era porteiro de fútbol.

O porteiro non é un xogador, leva todas as de perder. Afánase en evitar os goles cando a esencia mesma dese deporte é, precisamente, o gol.

No gol non hai outra oportunidade para o porteiro, os xogadores si a teñen. Non se contan os seus fallos no marcador, só aparecen os goles.

Na mesma definición oficial do xogo do fútbol descríbese ao porteiro coma un ente singular: "... un equipo composto por 10 xogadores e un porteiro...".

"O porteiro non é un futbolista, é un especialista da portería", sentenciou máis dunha vez o adestrador galego David Vidal, a antítese de Arsenio Iglesias na filosofía futbolística galega.

A primeira regulación da figura do porteiro do fútbol aparece en 1602 no *hurling cornualés*. Até 1912 o porteiro podía xogar coas mans até o medio do campo.

Amadeo Carrizo foi o primeiro porteiro en levar luvas, o primeiro en abandonar a área e en utilizar os saques para comezar os contragolpes.

Hai porteiros excéntricos, case sempre, todos, rebeldes. Pero un porteiro sempre é un rebelde con causa.

René Higuita, pechacancelas colombiano, que encarna coma poucos a figura da excentricidade, dicía que el o que pretendía era “convencer ao fútbol de que o porteiro é un amigo”. Imposíbel! O deus do fútbol é o gol e o porteiro é o seu máximo inimigo.

Higuita realizou o famoso “alacrán” o 7 de setembro de 1995 no estadio londiniense de Wembley. O “alacrán” é unha “figura” na que o porteiro deixa pasar o balón tirándose cara adiante como se fose rematar de cabeza e, cando todos pensan que o coiro xa está na rede, despéxao cos dous pés estarricados cara ao ceo. Higuita afirmaríase anos máis tarde que se atrevera a inventar este xeito de parada porque ollara como o xuíz de liña xa levantara a súa bandeirola decretando fora de xogo.

Paco viu a máis de un que o facía nos adestramentos.

Porteiros! Porteiros? Porteiros...

“Por que levan o número 1 do equipo ás costas? Non é porque sexa o xogador máis importante do equipo. Eles son os primeiros que pagan os erros. Sempre é culpa do porteiro aínda que non o sexa”, sostén Eduardo Galeano.

Para ser porteiro hai que ser valente. Valente é a primeira palabra que se usa para definir a un bo porteiro, desde pequeno.



“O traballo do porteiro é coma o dun mártir, un saco de area ou un penitente, por iso está rodeado por un singular halo de glamour”, deixou escrito para a posterioridade Vladimir Nabokov.

Luis Miguel Arconada, un dos mellores porteiros do mundo, é lembrado pola cantada na final da Eurocopa de Francia e non polas ducias de paradas extraordinarias coas que conseguira que o equipo da Federación Española de Fútbol (esa é a denominación real) chegase a aquela final.

Se es valente xa podes ser porteiro? Non só cumpre valentía, tamén hai que ser utópico, crer firmemente na posibilidade de mudar as regras trazadas e teimar en conseguilo.

“Só todo o tempo./ Pensa/ e sempre só no partido. Mentres os demais van dun lado para outro/ el debe de agardar/ e a súa reacción é crucial”, literalizou a súa figura Almudena Grandes.

Paco dicíalle aos rapaces que querían ser porteiros: “O fútbol hai que velo. E ti, desde a portería, velo todo e velo ben. E semella que non podes facer nada. Non te desesperes. Tes que colocar os defensas, pero poucas veces oen. Ou non escoitan. Eles van ao seu. Ao balón, e non enxergan o que vén pola outra banda. E o balón sempre corre moito máis ca eles. Non dan chegado. Pero ti tes que estar tranquilo, non desesperarte, senón estás atenazado. E se estás azuado, xa teñen máis de medio gol marcado”.

O posto de porteiro, intransferíbel, acumula elementos significativos da condición humana: a debilidade do ser fronte á abrupta irrupción da historia. Que pasará? É a pregunta que se fan os seareiros a cada balón que vai cara á portería. A ignorancia do futuro fronte á que estamos obrigados a ac-

tuar. O marco da portería que soborda moito a estrutura do home e a súa capacidade de defensa. A curta distancia fronte ao ataque inminente. A instantánea decisión con pouca información á man. A ollada dos outros, que son miles... E o impulso salvador fronte á nefasta posibilidade de negación.

“Os que coñeceron a tempestade, estóxanse na calma”, di o vello proverbio do Panshir.

“Aprendín que a pelota nunca vén por onde agarda un que veña. Iso axudoume moito na vida, sobre todo nas grandes cidades, onde a xente non discorre o que se di dereita”, reflexionou Albert Camus, porteiro até que a asma lle sacou os folgos. O que deixou medio escrito “O primeiro home” no asento de atrás do seu automóbil antes de escacharrarse contra unha árbore.

O porteiro é o primeiro home ou o último home?

“Os porteiros nunca se parecen aos xogadores do campo. A súa elegancia no vestir e a nobreza no trato son circunstancias adversas”, afirma o porteiro Antonio Zubizarreta.

O porteiro é un individuo, non é masa, nin sequera conxunto.

Francisco Rodríguez, Paco, matinaba todo isto mentres asistía desde o palco do Santiago Bernabéu ao debut de Francisco Rodríguez, Fuco, como porteiro do Real Madrid.

Aquel día era un día grande: o seu fillo chegara onde el non puidera. Debutar no Real Madrid era o seu soño que, dalgún xeito, viña agora cumprir na persoa de Fuco, o seu fillo. Non quería admitilo, pero era así.

Disputábase a final da Copa do Rei e non estaba escrito o que podía pasar, nin Paco podía imaxinalo minutos antes.

Fuco soamente tiña dezaioito anos.

Ao mancarse Casillas, cun brazo que semellaba desgonzado, logo dun golpe contra o poste dereito ao atallar un balón que Messi rematara desde o frontal da área pequena, recompuxera a constelación vital de Fuco e podía mudar toda a carreira dunha nova promesa. Lanzalo á fama ou sumilo na ignorancia dos que queren e non poden, dos que van e nunca chegan.

O mesmo lle pasara ao propio Casillas cando na final da Copa de Europa en Inglaterra se convertera en heroe improvisado logo de suplir a César, o titular para Del Bosque, tamén mancado ao final do partido. E ninguén o deu baixado xa do Olimpo madridista! Os feitos atallaron os tempos que tiña marcados o adestrador, temoroso coa velocidade de aceleración dos acontecementos que viña engulindo aquel rapaz que aínda vivía nunha casa que semellaba unha chabola.

Francisco Rodríguez, Paco, naqueles momentos do encontro, contrariamente ao que podía agardarse, non estaba rememorando toda a traxectoria futbolística do seu fillo, Fuco, nin sequer saboreando a súa vitoria que, en certo xeito, compartía.

Paco asistía absorto ao baile que alí na área desenvolvía o Fuco e que, a gran maioría dos espectadores do campo non ven, non saben ver, e as televisións non mostran porque pouco saben que existe.

Só ollan para o balón e pérdense unha coreografía, vinte mil veces ensaiada, na que o porteiro danza e se move aos impulsos que lle transmite un afastado balón que anda a patadas por todo o campo.

“Os movementos físicos son imaxes do ascenso espiritual. O balón o símbolo da divindade, da perfección metafísica.

O dispositivo do xogo recrea o principio da oportunidade, a intervención da deusa fortuna e a volta a un novo inicio. Na pelota coinciden principios antolóxicos divinos: o caos e a orde; razón e loucura; beleza e fealdade, o descanso e o exercicio”.

Paco concordaba en boa parte co pensamento do cardeal, teólogo e filósofo Nicolás de Cusa, pousado no 1463. Aínda que non era tan novo como semellaba, pois tanto os celtas como os xaponeses e diversas tribos americanas relacionaban o balón co deus sol, facendo do xogo do proto-fútbol unha ofrenda aos seus deuses.

É tamén lembraba a frase de Edgar Morin: “non vexo o fútbol como un xeito de alienación, síntoo máis ben coma unha poesía colectiva”.

Mais do que se trata, final e simplemente, sen máis voltas, pensou aquel día o Paco, é de que o porteiro teña apoiado o pé axeitado un pouco antes de chegar o balón ao seu carón. Esa é toda a sinxeleza do que ten que facer un porteiro. Nese intre, resúmese todo o seu oficio. A terra é a deusa nai do porteiro, coma dos celtas, dos xaponeses e dos indios.

E a portería que significa nesta cosmovisión?

A portería é a metáfora da vida. O gran burato cósmico gobernado por un deus que é o porteiro.

Concíbennos por un burato, nacemos por un burato, comemos por un burato, ollamos por un burato, falamos por un burato, cheiramos por un burato, expulsamos por un burato e, cando morremos, imos parar a un burato.

O Paco nunca antes pensara nisto nin en tantas outras cousas como estaba a matinar aquel día no Santiago Bernabéu. O cavilar do Paco bulía á velocidade do fútbol: dúbida constante e decisión rápida.

A pelota vai e vén en graza ou en desgraza e o porteiro vaina seguindo ao ritmo dos latexos do seu corazón.

Estaban no minuto corenta da segunda metade e o Real Madrid gañaba por un gol a cero. Paco seguía o baile do seu fillo Fuco e debullaba pensamentos novos, como se estivese a matinar noutro partido diferente ao que alí se xogaba. Pero non, era que Paco ollaba verdadeiramente ese encontro en toda a súa ascendencia, en toda a súa dimensión. Pero as dúas categorías pasan pola persoa do porteiro, de Fuco.

Un porteiro non é que teña moito tempo para pensar, senón que ten que pensar todo o tempo.

De repente deuse conta de que o árbitro viña de pitar un penalti contra o Real Madrid. Pepe derrubara a Iniesta na mesma beira da área cando este se dispuña a darlle o pase da morte a Messi.

O árbitro non o dubidara: Prrrrriiiii... Sinalou ese “punto g”: o punto do gol. Penalti!

Todo o balbordo das bancadas desapareceu como tragado por aquel burato negro do chifro. Fíxose o silencio absoluto nunha eternidade de dous segundos no que o tempo deixou de existir. Logo chegou a explosión do big bang, o cataclismo que fai que comece todo. A creación do espectáculo, da paixón, dun mundo novo.

O Santiago Bernabéu encheuse de asubíos, de brados e apupos que Paco non escoitaba. Aplausos, algúns aplausos, máis aplausos que saían, unicamente, dun lugar moi determinado daquela constelación de seareiros: os vestidos de azul e granate alá no fondo norte.

“Sabino, Sabino. Arbitro, vendido. Arbitro...!”. O enra-bechamento dos madridistas xa o acalaba todo.

Paco advertiu como uns señores, moi enseñorados, con pinta de empresarios de bandullo cheo e moitos créditos a pagar nos bancos, que estaban un pouco máis arriba ca el nas bancadas VIP, perdían a compostura e, sacando o seu abano da boca, clangorexaban que era “outro roubo máis dos cataláns que se queren quedar con España toda”.

Alguén bradou:

—A que está armando Zapatero!

García Márquez contou que “o primeiro instante de lucidez no que caín na conta de que estaba convertido nun seareiro intempestivo, foi cando advertín que durante toda a miña vida tivera algo do que oufanaba e que onte (partido entre o Juniors e o Millonarios) me estorbaba: o sentido de ridículo”.

Que máis daba! Tanto tiña! Paco sentía neses momentos un pracer tan grande que na súa cabeza só había sitio para unha idea: penalti, penalti, penalti... Un penalti como máxima expresión da felicidade. Un penalti en contra do seu equipo, na final da Copa, a poucos minutos de rematar o partido que gañaba o Real Madrid por un solitario tanto... A gloria estaba alí, só había que botarlle man coma troita escorregadiza naquel brizo do céspede para que non entrase na portería. Nada máis.

Penalti!

Certamente aparecera a grande ocasión que calquera porteiro agardaba. Moito máis se era un debutante que non tivera tempo de demostrar nada, nin ía telo naquel partido, a bo seguro, e poida que non se lle presentara outra oportunidade semellante en toda a súa prometedora carreira.

Paco sentiu a ollada leda do seu fillo Fuco, que non acudira coma todos os seus compañeiros a protestarlle ao árbi-

tro ou ao xuíz de liña para tratar de mudar unha decisión que xa era inmutábel. O encontro entrara noutro tempo, sen volta.

O chifro xa virara o curso do partido, para un lado ou para outro. Ninguén o sabía aínda. Pero nada sería igual nos minutos que restasen para o remate da final da Copa.

O penalti contra o Real Madrid estaba pitado e non tiña marcha atrás... Nin medo escénico, nin intimidación, nin medo, nin nada.

Os vellos espectadores madridistas seguramente matina-ban que xa nada era coma antes. Nos tempos de Bernabéu e de Franco ningún árbitro tería a valentía de pitarlle un penalti en contra ao Real Madrid nunha final de Copa, a poucos minutos do remate do encontro e cunha vantaxe de só un gol. Cando Franco se impuxo ao seu propio exército abeirou ao Atlético Aviación, cando se desfixo da Falanxe desterrounos aos “deportes menores”, cando viu que o Real Madrid gañaba, decidiu usalo, como usaba todo o que lle conviña no “seu” Reino.

O Paco sempre lle explicara ao seu fillo que cando un árbitro toma unha decisión non a vai cambiar. Así que protestar por protestar o único que serve é para descentrarse do encontro, que é o verdadeiramente importante. O porteiro ten que estar concentrado, o único que pode sacar dunha desas resmungas é unha tarxeta e un nerviosismo que lle impedirá logo facer ao xeito o seu traballo.

Por que protestan logo os futbolistas se saben que non van conseguir nada?

Forma parte da coreografía do fútbol actual que está inxel e televisado.

Fuco quedou onde tiña que estar, enmarcado polos paus (a un lado agárdano os ceos da gloria, ao outro os abismo da derrota). Acougado, xangal, co balón, do que se desatenderan todos, collido coas mans a altura da barriga. Contemplaba aquel ritual que os xogadores interpretan arredor do árbitro cando este pita ou non pita un penalti, como se non fose consigo.

Paco pensou que, coma el, Fuco lle estaría dando as grazas a Sabino por ter a valentía de pitarlle o penalti e ao seu compañeiro Pepe por facer o único que podía facer, impedir que Iniesta dese aquel pase.

Pepe fora valente, sen cavilalo. Paco estaba contento. Fuco estaba contento, moi contento con aquela decisión arbitral. Paco non podía demostralo e Fuco debía, unicamente, concentrarse.

Non era algo novo. Fuco, coma calquera porteiro, soñara unha e mil veces aquela situación desde pequeno: últimos minutos dun partido decisivo, transcendental. Resultado incerto e o árbitro que pita un penalti en contra. Non é un pesadelo. Non esperta. Segue a xogada, feliz. Lanza o mellor xogador doutro equipo e alí está Fuco para paralo voando até o poste dereito, sempre ao lado dereito, pois ao ter a perna esquerda máis longa é ao que máis lle gusta para lanzarse.

Non hai droga que se poida comparar cunha parada desas grandes que, a maioría das veces, unicamente o porteiro sabe realmente cal é.

Cada parada é diferente, cada partido é diferente, cada momento é único. Son sensacións físicas, pero tamén anímicas.

As paradas dos adestramentos non teñen nada que ver coas dos partidos.



As realizadas nun campo cheo non se semellan ás que podes facer nun case baleiro.

As que lle atallas a un equipo tampouco teñen moito que ver coas que consegues facerllo a outro.

A marcha do resultado tamén ten moito que ver coas percepcións.

Están esas paradas concatenadas cando hai un rexeitamento e outro, e outro máis e tí, sen saber como, estás sempre diante do balón co teu corpo... E sentes esa sensación que ese día ninguén é capaz de marcarche un gol.

Está esa cando, vendido, saes aos pés e o balón rebota no teu corpo... Sentes como se algo marchase e te quedases en paz suprema contigo mesmo.

Están os despexos, como se soltases gases, ou xenreira acumulada. Aterras con placidez.

Que fácil, que difícil é o fútbol para un porteiro!

Que non che metan gol. Só iso... Aí está pechado todo ese mundo que leva o porteiro no seu interior, sentindo mesmo esa angustia que produce a creación, pero coma un lóstrego.

Pero o penalti é, en si mesmo, un dos escasos momentos de gloria que ten un porteiro, posto que conta con moitos menos seareiros que os goleadores pero, tamén, moito máis feis. Deses aos que lles mandas por Facebook as túas novas persoais.

Paco, o pai de Fuco, tamén soñou, viviu e reviviu centos de veces ese momento único, sublime, intenso, inmenso que só un porteiro entende, aínda que non sexa quen de explicalo.

Por iso Paco sabía moi ben o que tiña que estar pensando Fuco.

Matinarían o mesmo, porque Paco aínda seguía a ser porteiro. Un porteiro de fútbol éo toda a vida. Nunca claudica nin abandona, aínda que non xogue sequera cos netos. Seguirá realizando paradas, xogando encontros, parando penaltís transcendentales. Unhas veces revivirá partidos, outras xogaraos de novo, aínda que sexan os mesmos contrincantes de sempre.

Paco matinaba naquel intre histórico, así o titularían os medios de comunicación, sen dubidar, coma oito días antes, coma a xornada anterior, e a anterior, e a anterior da anterior desta tempada e de moitas tempadas atrás... Paco matinaba... por que se fixera porteiro.

Xa había moito tempo que chegara a unha conclusión, pero en cada partido que presenciaba volvía facerse a mesma pregunta e daba, sen dubidar, a mesma resposta:

—Eu fun porteiro porque non podía ser outra cousa —así de simple e así de sinxelo, para ter que contestarse unha e outra vez.

“Ti no xardín/meu gardametas meu espantallo/meu Atila/ meu neno...”, escribiría a peruana Blanca Varela, vendo xogar de porteiro ao seu fillo pequeno.

Paco era porteiro. Daquela ou eras ou non eras. Agora case se fabrican... E así saen, a maioría deles, defectuosos. Non é que paren mal, pero nótaselles que non son porteiros. Pero a culpa seica é dos que fabrican o balón!

«O medo do porteiro ante o penalti», riu Paco par aos seus adentros. Riu el e riuse de todos. Vaia imbecilidade!

De verdade que era un bo título o de Peter Hundke. Un bo título para unha novela, como o eran *A insoportábel levedade do ser*, *Nos brazos dunha muller madura* ou *A Esmorga*.

O escritor austríaco titulaba ben, reflexionou coa súa experiencia de profesor de lingua e literatura. Hundke era un mestre, sen dúbida.

Paco lembraba cando mercara a novela, unicamente polo título: *O medo do porteiro ante o penalti*.

Segundo a ía lendo sentía náuseas. Alí non aparecía para nada un porteiro de fútbol, senón un home insignificante que non pensa nin actúa coma un porteiro. Máis ben que pensa, pero que non actúa, que ve pasar as cousas, a súa vida como unha película da que el é simple espectador. As cousas pasan porque pasan e el está alí porque lle cadra, sen facer nada por evitalo.

Será a metáfora da incomunicación e o sen sentido dunha existencia. Pero o protagonista, Bloch, recorda a súa vida con total distanciamento e falta de emoción. O alcumado como porteiro vive sen implicarse nos feitos, que lle esvaran como se estivese cuberto cunha capa de chapapote do *Prestige*. Semella Mariano Raxoi.

Nada parecido a un porteiro. Sabemos que Bloch foi porteiro porque o dí o autor tres ou catro veces. Un porteiro é unha persoa singular, utópica, con ideas máis ou menos tresleadas, pero fóra do común, se un quere ir aos tópicos algo certos.

Nada que ver con Bloch, o protagonista do romance, nin, atrevíase a pensar Paco, con Peter Hundke, o seu autor. Nada que ver ambos co escritor e anarquista padronés Nicasio Pajares que, segundo lle contara Domingo García, Borobó, fora porteiro do River Plate bonaerense e logo se dedicou a vender alcol ilegal, beberaxes e apócemas por toda a Arxentina, chegando a fundar en Rosario o diario ácrata *El Despertar Hispano*. Froito das súas andanzas escribiría

*La indiada, la negrada i la gingrada de las repúblicas de la Plata.* Instalado en Madrid, cando a policía de Franco o foi buscar, ao abrir a porta do dormitorio, quedaron estupefactos: estaba esquelético, cego e non controlaba as súas funcións fisiolóxicas, pero naquela especie de cubil tiña un balón. Desculpáronse e marcharon.

Moitos consideran que o penalti é coma fusilar o porteiro.

Nicasio Pajares si que era un porteiro. Levara a vida dun porteiro, escribindo co humor dun porteiro, dominando sobre todo o insulto, e morrendo só, coma un porteiro... Pero parando o último penalti da súa vida. A Nicasio Pajares si que ían fusilalo na literalidade da verba.

Hundke prostituíra o nome dos porteiros de fútbol. Desvirtuara as súas persoas, a esencia mesmo do seu oficio, na procura dun gran título para un bo libro.

Que grande acerto! Que logro nesa frase! Desde que publicou o libro en 1970, e logo, desde que se fixo a película de Win Wenders en 1972, foron moitos os que repetiron a frase, xa corriqueira, do “medo do porteiro ante o penalti”.

Ninguén semella ter lido o libro ou visto a película, senón saberían que non ten nada que ver cun porteiro, nin co fútbol. Ten que ver coa vida, pero non coa vida dun porteiro, que nunca estará a velas vir.

Aquí hai que incluír un gran número de escritores, articulistas e opinadores que, apropiándose dun gran título, convertido en frase soada, e dun recurso fácil, se puxeron durante moitos anos a escribir e a teorizar sobre algo que non só é totalmente falso como axioma, senón que non está explícito no romance. Para eles o caso é arramar.

Nin o autor austríaco explica para nada o medo do porteiro ante o penalti, nin ese medo imaxinario que se inventan os que só saben vivir das ideas alleas é real. Moi ao contrario.

Paco sempre se enfurruñaba coma unha garduña cando escoitaba esa frase nalgún pretendido tineiro intelectual. Aínda máis cando aparecía un artigo con esa referencia e tratando de explicar algo inexplicábel: un medo inexistente.

A moda e peste deses artigos aumentou cando os intelectuais que se reclaman progresistas, logo de estocar coa boca chea contra o fútbol, trataron de gañar notoriedade, de chegar ás masas facendo comentarios pretendidamente literarios sobre ese deporte, antes “opio do pobo”.

E dixeron todo o contrario.

Así, Vargas Llosa, escribiu: “[O fútbol] É o menos alienante das culturas, porque admirar un futbolista é admirar algo moi semellante á poesía pura ou unha pintura abstracta, admirar a forma pola forma, sen ningún contido racionalmente identificábel”.

Pero levándolle a contraria ao tópico do medo do porteiro ante o penalti, Paco unicamente lembraba un artigo, dun tal Pucheiro, n’*A Nosa Terra*.

Dicía así:

“Facelo bonito”. Esta é a máxima pola que se rexen moitos columnistas. Para gustarse collen sempre un tema recorrente, segundo a especialidade, e unhas imaxes que parten dun tópico (o xeito de que sexan asumidas e entendidas pola maioría). Non importa a realidade, non importa a verdade, non importa a mensaxe..., pódese facer literatura desde a impostura?

“A soidade do porteiro ante o penalti” é un deses temas, cando se trata de escribir de fútbol, que escolle quen nunca o practicou nin o entende como espectador (poderían ser a néboa, a chuvia, o verde vizoso ou a Galiza profunda...). Teñen a virtude, ademais, de que ninguén se vai enfurruñar: “Amiguiños todos...” é o mellor xeito de ser escritor recoñecido. Os porteiros somos uns tipos raros, os máis semellantes aos toureiros dentro dos deportes (un segue a ser porteiro toda a vida). A maioría das veces escriben por nós. Esta semana tocoulle a Iker Casillas acaparar máis caracteres que a folga xeral. Parou tres penaltis. Este mozo de 21 anos dixo o que diría calquera porteiro: “só fixen aguantar”. García Remón, que foi porteiro do Real Madrid (O Gato de Odessa), loitando pola titularidade co noso Miguel Anxo, describiu en *El Mundo* como Casillas non ía nin medorento, nin amorroado, nin aforcado, senón riseiro, asalandando por adiantado da quenda de penaltis contra Irlanda. O soño recorrente dun porteiro é que paras un penalti nos últimos intres dun encontro que vale un título ou unha eliminatoria. E non necesitas estar durmido. Un penalti no medio do partido preocúpate porque podes perder o encontro. Pero, persoalmente, alédaste. Ao final dunha eliminatoria xa non é medo, nin ledicia, senón unha lotaría da que tes todas as papeletas para gañar a gloria deportiva fronte aos lanzadores e nada que perder. (O medo é ao gol por entrepernas). O fallo será deles se non marcan, nunca do porteiro se non o para. O porteiro adoita ser unha persoa, moitas veces introvertida, que gusta do protagonismo no que fai. É preci-

samente o penalti o lance do xogo no que acapara, no seu papel de solista, todos os ollares: el é o equipo. Pero o porteiro ten que agochar os seus sentimentos polo ben común. Así que nunca vai reconecer que gusta dos penaltis (iso, nin Chilavert). Aprende a pór cara de estalecido porque sabe que ese castigo vai contra o equipo, contra todos... Menos contra del. Casillas, cos seus 21 anos, non soubo azoroñar. García Remón, que foi porteiro, foi quen de enxergalo. Os demais, seguiron cos tópicos de sempre, tantas veces descritos.